

¿QUE É O QUE APRENDÍN?... COMPROBÉMOLO....

En primeiro lugar, hai que clasificar os animais. Escribe cada animal no tipo de gando que corresponda.

porcos - ovellas - galiñas - parrulos - gansos - vacas - pavos

Gando bovino	Gando ovino	Gando porcino	Gando avícola

Despois, unha das monitoras dixo que hai que dar de comer aos animais da gandaría intensiva.

- Que é a gandaría intensiva?
- A continuación, hai que dirixirse á horta, onde sementaron tomates, feixóns e pementos, e hai que regar os cultivos.
- Os tomates, os feixóns e os pementos son cultivos de secano ou de regadío? Xustifica a resposta.....
- Que significa a palabra sementar?
- Que tarefas realizou o agricultor antes de sementar?.....
- Cales levará a cabo despois da sementeira?

Foi unha mañá intensa. Despois de comer, hai que dirixirse ao obradoiro artesanal para aprender a elaborar pan.

- O monitor do obradoiro dixo que primeiro temos que traer as materias primas que necesitamos. Que é unha materia prima?.....

- De que materia prima se obtén o pan?.....

- Cres que no obradoiro haberá moitas máquinas e robots?

Por

que?.....

- Se fixésemos o pan nunha fábrica en vez de nun obradoiro, poderíamos elaborar máis cantidade ou menos no mesmo

Na granxa escola colaboran moitas persoas a diario. Clasifica os traballos que realizan segundo corresponda.

agricultor - artesán - veterinario - gandeiro - cociñeira - enfermeiro - médico - guía do museo agrícola - monitores de tempo libre - profesora de equitación - camioneiro